

BANDO

PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2019

Infórmase aos veciños e veciñas que o Concello de Pontecesures que o Concello de Pontecesures continúa a colaborar coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) no desenvolvemento do Programa Vacacións en Paz para nenas e nenos saharauís e quere dar cabida á participación de novas familias.

Este Programa consiste no Acollemento Familiar Temporal de nenas e nenos procedentes dos campos de refuxio saharauí situados na zona da Hamada alxeriana en Tindouf, preto da fronteira Alxeriano-Saharahuí, son fillas e fillos das e dos Saharauís desprazados pola represión, invasión e ocupación ilegal dos seus fogares por parte de Marrocos. A vida destas nenas e nenos transcorre, ao igual cá das súas familias, privada do máis elemental, xa que logo trátase de ofrecerlles durante os meses centrais do verán, no marco da solidariedade e axuda internacional, unha estadía agradable e humanamente rica a estes nenos e nenas, propiciando o intercambio cultural e a toma de consciencia da situación do pobo saharauí e do seu dereito a vivir no Sáhara Occidental.

Para participar no Programa os únicos requisitos das familias son:

- Aceptar as condicións e filosofía do Programa.
- Contar coa suficiente dispoñibilidade para garantir a axeitada atención das nenas e nenos
- Comprometerse a dar cobertura a tódalas necesidades das nenas e nenos (aloxamento, alimentación, saúde, hixiene, vestiario, lecer e afectividade).
- Contar cunha situación socio-persoal estable e normalizada.

A selección das familias participantes e o proceso de preparación posterior a través do que se lles informa dos seus dereitos e deberes, así coma das características xerais das nenas e nenos en canto á súa cultura, modo de vida, medio no que viven, e das pautas e orientación para a axeitada atención e desenvolvemento das estadías realízana SOGAPS e a Delegación Saharauí para Galicia.

Prazo de Solicitud ata o 17 de decembro

Información: www.sogaps.org www.facebook.com/sogaps.galicia/
Tel./Fax 986262637 E-mail: info@sogaps.org

Poden dirixirse así mesmo ao Servizo Social Comunitario deste Concello os luns, de 10:30 a 14 e os martes e venres de 9 a 14 horas.

Pontecesures, 15 de novembro de 2018



Juán Manuel Vidal Seage



Solidariedade Galega co Pobo Saharauí
Nº de rexistro 2004/10737/1 (ISC)
CIF: G-1502659

CONCELLO DE
PONTECESURES

CONCELLO DE PONTECESURES